




A LARACHA

A LARACHA

PATRIMONIO

Os vestixios máis antigos destas terras corresponden ao período megalítico e ao neolítico, sendo moi abundantes. Cabe destacar o túmulo megalítico Forno dos Mouros e as mámoas de Fofelle e a da Fraga, pero o inventario é moito maior. Mención especial require o menhir de Erboedo, que é o único que hai na zona e un dos poucos de Galicia.

Da época castrexa hai catalogados un total de 19 recintos distribuídos polo territorio, o que pode dar unha idea do gran poboamento destas terras e do rico pasado histórico, como os castros Bico do Castro, Castro da Pena, o de Soandres ou o de Montesclaros.

Da época romana, hai indicios que apuntan a que unha calzada romana pasaba por aquí, posiblemente a Via Per Loca Marítima, xa que na Igrexa de Santiago de Vilaño atopouse un "miliario" que data de mediados do século IV, época do emperador Magnentio.

Relixioso

Santuario dos Milagres, (s. XIX), está situado nun lugar chamado O Outeiro, nos montes que rodean Caión. A importancia deste templo, de estilo barroco compostelán, é histórica e radica na Romaría dos Milagres que ten lugar aquí. No recinto do santuario hai un cruceiro, unha fonte santa e grandes árbores.

A Igrexa de Santa María do Socorro, situada no centro de Caión pertenceu ao Convento de San Agustín, fundado no século XVI. Parte das dependencias deste convento son o actual edificio que se atopa encostado á igrexa.



O elemento máis destacable é a portada plateresca que dá acceso ao templo e á fermosa torre campanario de sección cadrada. Na porta de entrada, un relevo de madeira no tímpano representa á Virxe co Neno.

Igrexa de Santa María Madanela (s. XVII), situada no Igrexario, é de estilo barroco, e na fachada destacan os xogos xeométricos e o volume da torre que produce a sensación de verticalidade.

Civil

Na vila de Caión, o Pazo dos Condes de Graxal (de propiedade privada). Data do século XVI e destaca a sobriedade na composición das fachadas, que presentan un arco de medio punto con grandes doelas de cantería, e as pedras armeiras dos Bermúdez de Castro. No interior do pazo había un cárcere. Segundo a lenda existía un túnel que comunicaba o pazo coa igrexa e cunha saída á praia.

MUSEO DOS MUÍÑOS DA AUGA

O Centro de Interpretación dos Muíños da Auga da Costa da Morte, se atopa na Casa Reitoral de Golmar, situada no lugar do Igrexario, é un referente neste ámbito. O centro contén unha gran cantidade de información; a través de paneis de fotografías, mapas, diversos documentos, e pezas dos muíños, o visitante poderá descubrir todo un mundo que xira en torno ao aproveitamento da auga polos nosos antepasados.

Para completar a visita ofrécese a posibilidade de achegarse ata o paseo fluvial do río Anllóns, onde hai varios muíños e é posible coñecer o seu funcionamento desde o interior. Para visitar o museo hai que concertar unha cita no Concello da Laracha.



NATUREZA

A natureza de A Laracha vén determinada por unha xeografía suave na que os montes dan paso ao fértil val do río Anllóns e a pequenas elevacións ata chegar á costa, onde as terras de Caión tórnanse máis accidentadas e abruptas.

No pequeno tramo da costa de Caión, os relevos precipítanse formando unha vertixinosa fisionomía que remata nas augas dun mar embravecido. Gran parte deste litoral está protexido pola Rede Natura 2000 dentro do LIC Costa da Morte, excepto a península rochosa da vila de Caión, desde a gran mole granítica da Atalaia, que se érguese na rompente alcanzando os 90 m de verticalidade, con desniveis de máis do 60 %, ata a fermosa zona costeira da contorna do monte Figueirido, con acantilados baixos e praias e coídos ao pé. Nesta contorna pódense observar gran cantidade de aves mariñas, e no horizonte ás veces poden verse golfinhos ou caldeiróns.

No Monte de Santa Marta, hai un miradoiro a 432 m de altitude que ofrécenos outro aspecto da natureza deste concello, as vistas abarcan toda a fisionomía do relevo de A Laracha e nos días despxados pódese divisar as augas de Baldaio.

O río Anllóns e os seus afluentes configuran paraxes de gran beleza, con fragas, e bosques de ribeira e alimentan ó val que aínda conserva carballeiras e soutos con exemplares de gran porte e idade como a carballeira de Santa Margarida, a de San Fins ou nos arredores da capela de Cumiáns.



Este fermoso templo combina o estilo gótico da cabeceira co barroco das súas naves, a cabeceira está composta por tres ábsidas de forma poligonal con contrafortes graduados e estilizados vans que rematan en arcos apuntados. Conserva restos do primitivo templo románico nos canzorros e o lintel. A importancia de San Pedro de Soandres transcende o feito de ser morada dos "monxes negros" xa que a súa singularidade radica en que é un dos poucos exemplos do gótico en Galicia.

Neste mosteiro atopouse un Ara Votiva, cunha inscrición que aludía a un antigo templo dedicado a Hércules Xónico, na actualidade atópase no Museo da Catedral de Santiago de Compostela. Nas Capelas Absidais ao lado da Epístola e do Evanxeo, atopáronse uns altares. Crese que estes altares serían unha obra da segunda metade do século XIV, e son unhas estruturas pétreas únicas en Galicia de cronoloxía gótica. E nos muros pódense atopar restos de inscricións medievais e unha delas, da época prerrománica. No acceso ao mosteiro está a Fonte Santa, da que brotan "augas milagreiras", segundo as crenzas populares.




ARQUIVO DA PESCA

Este museo atópase na vila de Caión, nun edificio situado no paseo marítimo, onde a Confraría de Pescadores ten a súa sede. O visitante poderá coñecer a historia da vila mariñeira de Caión, facendo un percorrido por diferentes épocas, desde a caza da balea nos séculos XVI e XVII ata a pesca tradicional dos séculos XVII-XIX.

ROMARÍA DOS MILAGRES

Esta festa declarada de Interese Turístico, remóntase ao século XVI. Aínda que celébrase o 8 de setembro, o domingo anterior ten lugar a tradicional subida da Virxe desde a igrexa de Caión.

Durante os días seguintes, os camiños que levan ao Outeiro éñchense de devotos e peregrinos ata o día da romaría, no que a Virxe regresa en procesión de volta á vila; e alí comeza outra festa onde non faltan as charangas e orquestras.



FESTAS


As festas de A Laracha son de índole moi diversa e ofrecen unha gran variedade. A Festa das Cereixas, declarada de interese turístico de Galicia; celébrase cada ano en Paioasaco coincidindo coa primeira feira do mes de xullo. É unha festa de exaltación, na que se organizan moitas actividades e actuacións musicais. Festa da Faba; esta degustación gastronómica ten lugar o 2 de outubro en Paioasaco, onde se poderá catar o exquisito prato tradicional a prezos populares.

As Festas patronais de A Laracha celébranse o 15, 16 e 17 de agosto, nas que ademais dos actos relixiosos hai un montón de actividades, como xogos para nenos, o día da Bicicleta, campionatos de fútbol e moitas verbenas. E por se fose pouco temos romarías, coma as de Santa Margarida o 20 de xullo, e a de Santa Marta o 29 de xullo que é unha das romarías máis tradicionais do municipio.

PRAIA DE CAIÓN

A praia de Caión, aínda que é a praia da vila, está rodeada dunha gran beleza paisaxística. Este branco areal de augas cristalinas esténdese ao longo do paseo marítimo desde "Punta das Ondas" ata "A Furna da Auga Redonda", ten o distintivo de Bandeira Azul e conta con todos os servizos, aparcadoiro, ramplas de acceso á minusválidos, aseos e duchas, servizo de socorrismo e limpeza diaria.

Ademais é un referente na práctica de deportes náuticos, como o surf; que xa celebrou aquí unha edición do campionato mundial de surf A Coruña Pro no 2016, coa participación de deportistas de élite.



ÁREA RECREATIVA DE GABENLLE E PASEO FLUVIAL DO ANLLÓNS



Moi preto de A Laracha, ás beiras do río Anllóns, hai un fermoso lugar para pasar un día de lecer, a área recreativa de Gabenlle. Totalmente integrada na paisaxe conta con merendeiros, grellas, parques infantís e para maiores e praia fluvial. Seguindo o curso do río hai un paseo fluvial que transcorre entre bosques de ribeira, achegándonos a diferentes muíños, coma os do Formigueiro, As Pezas, Grande de Gabenlle e O Tarrullo.

Plan de Axudas Programa LEADER 2014-2020

Territorio GDR– Costa da Morte.
O ámbito territorial de actuación do programa xestionado polo GDR–Costa da Morte correspóndese cos seguintes concellos:

- | | | |
|-------------------------|--------------|-------------|
| > Cabana de Bergantiños | > Coristanco | > Mazariños |
| > Camariñas | > Dumbria | > Muxia |
| > Carballo | > Fisterra | > Ponteceso |
| > Carnota | > A Laracha | > Virmianzo |
| > Cee | > Laxe | > Zas |
| > Corcubión | > Malpica | |

Edificio Servicios Múltiples,
Rúa A Torre, s/n
15129 – VIMIANZO
T. 678 648 065

Centro Comarcal de Bergantiños,
A Camposa, s/n, Buño,
15111 – MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 608 633 222

+ info 981 71 73 58
gdrcostadamorte.com

GDR

COSTA DA MORTE

UN TERRITORIO CHEO DE RIQUEZAS

GDR Costa da Morte somos unha asociación sen ánimo de lucro creada para integrar e representar aos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento deste territorio.

As nosas competencias abarcan desde a xestión de axudas do Programa "Leader Galicia 2014-2020" ata a promoción e divulgación do noso territorio. Informamos e asesoramos á poboación rural sobre os programas de desenvolvemento rural e incentivamos a participación activa nos mesmos, ademais de promover e captar iniciativas acompañando aos promotores no proceso de maduración dos proxectos.

Outra vertente do noso traballo é dar a coñecer os valiosos recursos e o gran patrimonio destas terras, dende o turismo, a gastronomía, o patrimonio inmaterial, artístico, arqueolóxico ou natural.

O GDR Costa da Morte está composto por 17 concellos: **Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbria, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxia, Ponteceso, Vimianzo e Zas.**

Cada concello é único e aporta un gran valor á nosa iniciativa, desde recursos naturais, económicos, turísticos, culturais, gastronómicos, patrimoniais ata iniciativas pioneiras da nosa xente; o aproveitamento e a divulgación destes bens promoven o desenvolvemento do noso ámbito.


Coñecelos todos é descubrir unha gran parte da riqueza da nosa terra.

RUTAS

-  CAMIÑO DE SANTIAGO
-  R1 ----- MEGALÍTICA
-  R2 ----- DO ROMÁNICO
-  R3 ----- DA PAISAXE
-  R4 ----- DOS FAROS
-  R5 ----- FÁBRICA DA LUZ
-  R6 ----- DO RÍO ANLLÓNS
-  R7 ----- CAMIÑO DA RIBEIRA
-  R8 ----- SANTO HADRIÁN
-  R9 ----- OS PINOS NO MAR
-  R10 ----- DAS PRAIS
-  R11 ----- DAS FÉRVEDAS


QR

Amplía información da Costa da Morte



SIMBOLOXÍA

- | | | | |
|---|----------------------|---|--|
|  | Camino de Santiago |  | Ponte |
|  | Punto de información |  | Conxunto Histórico |
|  | Aula da Natureza |  | Lonxa Fisterra |
|  | Cemiterio de Cores |  | Petroglifo |
|  | Muíño |  | Marco do Couto |
|  | Igrexa Santuario |  | Dolmen |
|  | Pazo |  | Museo |
|  | Castelo Torre |  | Praia |
|  | Cruceiro |  | Fervenza Encoro |
|  | Horreo |  | Faro |
|  | Museo do Alemán |  | Paisaxe |
|  | Pedras Máxicas |  | Centro de Interpretación Monte Pindo e Fervenza do Ézaro |



+ info 981 71 73 58
gdrcostadamorte.com

GDR Grupo Desenvolvemento Rural
Costa da Morte